



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique o plural de senil:

- A) Seniles.
- B) Senilos.
- C) Senilados.
- D) Senís.

2. Indique o feminino de frade:

- A) Monxa.
- B) Freira.
- C) Fradesa.
- D) Freiresa.

3. O lugar onde se garda o viño é...:

- A) A fiestra.
- B) A adega.
- C) A palleira.
- D) A xanela.

4. A froita da nespereira é...:

- A) O néspero.
- B) A néspereira.
- C) A mazá.
- D) A pera.

5. Sinónimo de lapada:

- A) Lámpada.
- B) Envexa.
- C) Labazada.
- D) Vasoira.

6. Indique a palabra correcta:

- A) Medula.
- B) Ataxía.
- C) Esclerosis.
- D) Craneal.

7. Indique a palabra correcta:

- A) Paseniño.
- B) Descriptivo.
- C) Vixilar.
- D) Persoalismo.

8. Indique a palabra correcta:

- A) Párpado.
- B) Pancreatitis.
- C) Miosis.
- D) Histoplasmore.

9. Indique a frase correcta:

- A) A parella de noivos quedou na igrexa.
- B) O abogado non asinou o contrato.
- C) O meu entrenador está de vacacións.
- D) Fun testigo dun accidente.

10. Indique o xentilicio correcto:

- A) Ourensano.
- B) Carballiñés.
- C) Fisterrano.
- D) Camariñán.

Preguntas de reserva

1. Indique a expresión correcta:

- A) A garaxe.
- B) O aldraxe.
- C) A cor.
- D) A berce.

2. Indique a palabra correcta:

- A) Encefalitis.
- B) Infección.
- C) Enfermedade de Huntington.
- D) Espinal.